

De ruta literaria pola Costa da Morte

• *Máis de 50 personas participaron no itinerario de «Costa do Solpor»*

XAN FERNÁNDEZ CARRERA. 23 de octubre de 2015. Actualizado a las 05:00 h.



Estamos vivindo un momento de auxe das rutas literarias, sobre todo as que se desenvolven en territorio urbano, pois tanto na Coruña como en Vigo estanse a organizar con éxito itinerarios deste tipo guiados por escritores locais.

Hai uns días, o Seminario de Estudos da Costa da Morte, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, organizou unha ruta baseada na novela *Costa do Solpor*, do escritor soneirán Xosé María Lema, para visitar aqueles espazos xeográficos que tiveron un maior protagonismo no libro. A convocatoria foi todo un éxito xa que se inscribiron 54 participantes dispostos a emprender esta viaxe baixo a guía do propio autor.

A primeira parada foi en Boallo (Berdoias), para ver os restos da casa na que habitaron o fidalgo Rodrigo Sánchez de Leis e a súa dona Josefa de Santiyán. O fillo maior deste matrimonio, Xosé de Leis, era o que quería de pretendente para a súa filla, Mariña, o fidalgo Cristovo de Lobeira. Estes personaxes reais aparecen no libro xunto con outros ficticios.

Antes de entrar en Fisterra tomamos o desvío cara a praia da Langosteira, o primeiro escenario, xa que é aquí onde atracou a *Hispaniola* despois da longa e accidentada travesía. Neste areal, o guía indícanos que ollemos cara ao monte Facho para localizar os dous outeiros cónicos que hai nos extremos, e que semellan os seos dunha muller deitada, que serían os «espidos peitos de muller enfesta». Ollando cara a esquerda vemos a imponente mole granítica de cor rosada que forma o monte Pindo, a Montaña Vermella da novela.

No porto fisterrán agardábanos o poeta Alexandre Nerium, pseudónimo de Manuel López, o guía do Museo da Pesca situado no Castelo de San Carlos. Neste escenario é onde se dá o encontro entre Antón do Campón, sarxento que estaba a cargo da fortaleza, e o señor Trelawney, armador do barco, que viña solicitar operarios para arraxar os estragos que unha tormenta fixera no navío. Nerium recitounos varios dos seus poemas nos que o novelista se inspirou.

Rumbo ás terras de Muxía

Desde Fisterra partimos con rumbo ás terras de Muxía. Ao chegar a Vilarmide viramos á esquerda cara a Santa Mariña para pasar por diante da casa na que nacera o verdadeiro Crego Sabio, no que se inspirou o narrador para crear un dos personaxes do seu libro.

Despois fomos a pé pola pista que conduce á punta da Buítra para ver desde alí destacados escenarios da novela: os cabos Touriñán e Vilán e, sobre todo, a praia da Arnela e a furna da Buserana. Desta praia partirá a *Hispaniola* para o seu país. Dentro da furna gardaban os piratas da Confraría da Man Morta os botíns das súas abordaxes.

Pola tarde emprendemos unha camiñada de máis de 2 quilómetros desde o Alto das Campeleiras (Santa Mariña de Xaviña) pola pista de terra ata o monte Branco. Neste lugar ollamos a Area Escorredía, unha rampla areenta que baixa pola ladeira do monte desde unha altura de máis de cen metros, e o Penal do Veo, un bloque granítico de forma cónica, pertencente á serra de Pedras Rubias, nome ficticio da serra de Pena Forcada. Xa de volta vimos, desde a parte alta do lugar de Santa Mariña, outro dos escenarios destacados da novela: os Coídos Xemelgos (enseadas do Colludo e de Cabanas, na realidade); no primeiro deles situaríase o Porto Valente, onde estivera atracada a *Hispaniola* vixiada polo bergantín *An Ankou*.

Finalmente paramos en Camelle para ver os valados das pequenas hortas da beiramar, que inspiraron o Valado do Vento da novela. Demos por rematada a ruta diante do Museo da Fundación Man, satisfeitos de visitar os escenarios máis representativos nos que se desenvolve a narración e tamén de gozar dos magníficos escenarios reais que nos brindou a natureza.

crónica

TEMAS RELACIONADOS